

Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado 2021/2022

RESUMO EXECUTIVO

Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo

Edita

Consello Social – Universidade de Vigo

Dirección

Luis Espada Recarey
Profesor Emérito

Análise de datos

Víctor Manuel Martínez Cacharrón
Enxeñeiro Industrial

Colaboración

Natalia Caparrini Marín
Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Unidade de Análises e Programas (UAP)

Observatorio de Persoas Tituladas
Universidade de Vigo

Campus Universitario das Lagoas-Marcosende
Edificio Fundación
36310 Vigo
Tlf: 986 812 192
Correo-e: observatorio.egresados@uvigo.gal
Páxina Web: <https://observatorio.uvigo.gal/>

Edición: Decembro de 2024

*Este documento é propiedade do Consello Social da UVigo.
Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se citar o seu
título e ao Consello Social como editora.*

Índice

Introdución	3
Obxectivos	5
1. Obxectivo principal.....	5
2. Obxectivos específicos	5
Datos técnicos	7
Resultados.....	9
1. Datos persoais	9
1.1 Sexo	9
1.2 Lugar de residencia actual.....	9
2. Datos académicos	11
2.1 Ramas de coñecemento	11
2.1.1 Rama de coñecemento segundo o sexo	11
2.1.2 Estudos de mestrado realizados segundo o sexo	11
2.2 Motivacións para realizar o mestrado.....	11
2.2.1 Motivacións segundo a rama de coñecemento.....	12
3. Situación laboral anterior á realización do mestrado	13
3.1 Experiencia laboral previa á realización do mestrado.....	13
3.1.1 Experiencia laboral previa segundo a rama de coñecemento.....	13
3.1.2 Experiencia laboral previa segundo os estudos de mestrado	13
3.2 Actividade laboral na altura de iniciar os estudos de mestrado.....	14
3.2.1 Actividade laboral na altura de iniciar o mestrado segundo a rama de coñecemento	14
3.2.2 Actividade laboral na altura de iniciar o mestrado segundo os estudos realizados.....	14
4. Situación actual	15
4.1 Situación do mercado de traballo	15
4.1.1 Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia.....	15
4.1.2 Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento.....	15
4.1.3 Situación do mercado de traballo segundo os estudos de mestrado.....	16
4.2 Cursa estudos universitarios	16
4.2.1 Tipo de estudos universitarios que cursa	16
4.3 Prepara oposicións	16
5. Procura de emprego	17
5.1 Tempo de procura de emprego.....	17
5.1.1 Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento	17
5.1.2 Tempo de procura de emprego segundo os estudos de mestrado.....	17
5.2 Tempo en atopar emprego	18
5.2.1 Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento	18
5.2.2 Tempo en atopar emprego segundo os estudos de mestrado.....	18

6. Emprego actual	19
6.1 Lugar do traballo	19
6.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento	19
6.1.2 Lugar do traballo segundo os estudos de mestrado	19
6.2 Modalidade de contratación	20
6.2.1 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo	20
6.2.2 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento	20
6.2.3 Modalidade de contratación segundo os estudos de mestrado	20
6.3 Tipo de contrato	21
6.3.1 Tipo de contrato segundo o lugar do traballo	21
6.3.2 Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento	21
6.3.3 Tipo de contrato segundo os estudos de mestrado	21
6.4 Categoría profesional	22
6.4.1 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento	22
6.4.2 Categoría profesional segundo os estudos de mestrado	22
6.5 Ingresos	23
6.5.1 Ingresos segundo a rama de coñecemento	23
6.5.2 Ingresos segundo os estudos de mestrado	23
7. Valoración do traballo	25
7.1 Adecuación temática ao traballo	25
7.1.1 Adecuación temática ao traballo segundo a rama de coñecemento	25
7.1.2 Adecuación temática ao traballo segundo os estudos de mestrado	25
7.2 Adecuación das funcións ao traballo	26
7.2.1 Adecuación das funcións ao traballo segundo a rama de coñecemento	26
7.2.2 Adecuación das funcións ao traballo segundo os estudos de mestrado	26
8. Satisfacción co itinerario académico	27
8.1 Nivel de satisfacción global cos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2021/2022	27
8.1.1 Nivel de satisfacción cos estudos de mestrado realizados segundo a rama de coñecemento	27
8.1.2 Nivel de satisfacción cos estudos de mestrado realizados	27
8.2 Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo	28
8.2.1 Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo segundo a rama de coñecemento	28
8.2.2 Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo	28
BIBLIOGRAFÍA	29
ANEXOS	31
Anexo 1: Cuestionario aplicado	33
Anexo 2: Distribución das titulacións por rama de coñecemento	40
Anexo 3: Índice de cadros e figuras	41

Introdución

Desde a súa creación e posta en marcha polo Consello Social da Universidade de Vigo no ano 2016¹, o Observatorio de Persoas Tituladas realiza un seguimento periódico da inserción laboral poboación titulada da UVigo. Nos estudos realizados son analizadas as valoracións do antigo estudantado sobre a súa experiencia académica e profesional, achegando informacións da súa percepción relativamente á formación adquirida na universidade e sobre a súa situación laboral actual.

Nese labor de seguimento e de contacto coas persoas tituladas insírese a elaboración e realización periódica de informes de resultados dos estudos e enquisas encamiñadas ao antigo alumnado como o que se presenta nesta ocasión. Este Resumo Executivo mostra os principais resultados do *Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de Mestrado no curso 2021/2022*, realizado entre maio e xuño de 2024, a partir dunha enquisa autoaplicada á poboación titulada no curso académico 2021/2022.

A elaboración deste informe prodúcese ao abrigo do acordo da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social de 25/4/2024 (ratificado polo acordo do Pleno de 12 de xuño de 2024) de aprobar a realización dun estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado na promoción de 2021/2022, solicitado pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade a pedido da Unidade de Análises e Programas (UAP) da UVigo.

Esta actividade dá continuidade ao estudo do seguimento da inserción laboral realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas, o que nesta ocasión foi posíbel grazas á colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade na fixación dun protocolo de obtención de consentimentos explícitos das promocións máis recentes de antigos estudantes.

O universo obxecto de estudo está constituído pola poboación universitaria titulada en estudos de mestrado universitario no referido curso académico.

¹ Por acordo da súa Comisión de Actividades e Servizos de 3/2/2016, ratificado polo Pleno do Consello Social de 29/4/2016.

Obxectivos

1. Obxectivo principal

Obtención de información actualizada, fiable e útil sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado universitario na promoción 2021/2022 e coñecer as condicións laborais no traballo actual.

2. Obxectivos específicos

- Analizar os resultados obtidos na enquisa sobre o perfil persoal e académico, situación socio-laboral en función das seguintes variábeis de segmentación:
 - Sexo
 - Idade
 - Lugar de residencia
 - Ramas de coñecemento
 - Titulacións
- Experiencia laboral anterior á realización do mestrado.
- Actividade laboral na altura de iniciar os estudos de mestrado.
- Determinar as condicións laborais no traballo actual atendendo a variábeis como o lugar do traballo, modalidade de contratación, tipo de contrato, categoría profesional e ingresos.
- A percepción das persoas tituladas sobre o emprego actual e a súa relación cos estudos realizados na UVigo
 - Adecuación temática ao traballo
 - Adecuación das funcións ao traballo (sobrecualificación)
- Medición da satisfacción das persoas tituladas cos estudos oficiais de mestrado da UVigo no curso 2021/2022
 - Satisfacción global cos estudos de mestrado realizados
 - Recomendaría a realización dos estudos de mestrado escollidos
- Manter unha comunicación coas promocións recentes do antigo alumnado da UVigo de cara a actualizar e ampliar a Base de Datos do Observatorio coa información máis recente nos ámbitos académico e profesional das persoas tituladas.

A análise destas dimensións permite obter unha radiografía do perfil das persoas tituladas, incidindo en aspectos relevantes como a traxectoria académica, o acceso ao mercado de traballo e a situación socio-laboral actual.

Datos técnicos

A poboación obxecto de estudo está constituída polas persoas tituladas da UVigo en estudos oficiais de mestrado universitario durante o curso académico 2021/2022 e que acabaron a titulación aproximadamente vinte meses antes de realizar a enquisa.

A mostra recollida foi de 301 cuestionarios válidos. A marxe de erro máxima asociada á mostra obtida é de $\pm 4,890\%$ para un nivel de confianza de 95% ($p=q$).

O Cadro nº1 recolle o tamaño da poboación e a mostra empregada para a realización do estudo para cada unha das ramas de coñecemento.

Cadro 1. Tamaño da poboación e mostra das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso académico 2021/2022 segundo a rama de coñecemento

	Poboación	Mostra
Artes e Humanidades	83	19
Ciencias da Saúde	30	9
Científico	108	46
Tecnolóxico	293	88
Xurídico-Social	685	139
Total	1199	301

O Cadro nº2 reflicte a distribución porcentual da poboación e mostra avaliada segundo os estudos de mestrado.

Cadro 2. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo os estudos de mestrado

	% Poboación	% Mostra
Acuicultura	0,75	1,33
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	1,50	1,99
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	0,08	-
Avogacía	4,00	3,65
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión	0,58	1,00
Bioloxía Mariña	0,75	1,66
Bioteecnoloxía Avanzada	1,17	2,99
Ciberseguridade	0,58	1,33
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental	2,09	4,32
Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	1,33	1,33
Comercio Internacional	2,59	2,66
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	1,67	2,33
Deseño e Dirección Creativa en Moda	0,58	1,00
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	1,58	3,32
Dirección de Arte en Publicidade	1,50	0,33
Dirección de PEMES	1,75	1,33
Dirección e Administración de Empresas	2,25	0,33
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	2,67	1,66
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	1,33	0,33
Dirección Integrada de Proxectos	1,17	0,33
Dirección Pública e Liderado Institucional	1,50	1,66
Dirección TIC para a Defensa	2,17	1,00
Economía	0,58	-
Enerxía e Sustentabilidade	1,08	1,00
Enxeñaría da Automoción	2,09	0,33
Enxeñaría de Minas	0,50	1,00
Enxeñaría de Telecomunicación	2,42	2,99
Enxeñaría Industrial	4,59	6,64
Enxeñaría Informática	0,83	0,66

Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0,50	0,66
Finanzas	2,09	1,66
Industria 4.0	0,58	1,33
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	2,00	1,99
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	1,08	0,33
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	0,75	0,66
Investigación Química y Química Industrial	1,33	1,33
Lingüística Aplicada	0,67	1,00
Matemática Industrial	0,17	1,33
Mecatrónica	2,25	1,66
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	1,75	1,99
Nanociencia e Nanotecnoloxía	0,50	0,33
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	2,34	1,33
Neurociencia	0,25	0,33
Nutrición	1,08	1,66
Oceanografía	0,83	1,00
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados	0,17	0,33
Prevenición de Riscos Laborais	3,34	6,31
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	20,93	16,28
Sistemas Aéreos non Tripulados	0,50	-
Técnicas Estatísticas	0,17	0,33
Tradución Multimedia	2,34	1,99
Tradución para a Comunicación Internacional	2,09	1,00
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	0,67	0,66
Visión por Computador	0,50	1,33
Xenómica e Xenética	0,67	0,66
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	1,75	1,66
Xestión e Dirección Laboral	1,08	0,66
Xestión Empresarial do Deporte	1,92	1,66

No Anexo 2 deste documento pódense consultar as titulacións de mestrado correspondentes a cada unha das ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científica, Tecnolóxica e Xurídico-Social.

O cuestionario usado no presente estudo foi similar ao empregado nos precedentes sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de mestrado universitario nos cursos 2018/2019, 2019/2020 e 2020/2021. Todos os ítems incluídos no cuestionario pódense consultar no Anexo 1.

O cuestionario foi enviado a partir dunha lista de correos electrónicos ás persoas tituladas no curso 2021/2022 que previamente deran o seu consentimento explícito a formar parte da Base de Datos do Observatorio. A captación de datos realizouse a través dun formulario on line aloxado na Web do Observatorio. Os inquiridos foron informados do obxectivo do estudo e demostraron vontade expresa de participar. O traballo de campo desenvolveuse entre o 8 de maio e 21 de xuño de 2024.

Resultados

Esta parte presenta os principais resultados obtidos da enquisa de inserción laboral realizada á poboación de persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso académico 2021/2022.

1. Datos persoais


Este apartado recolle os principais resultados sobre o sexo e lugar de residencia da poboación titulada en estudos oficiais de mestrado da UVigo no curso 2021/2022 na altura de responder a enquisa.

1.1 Sexo

Na mostra avaliada existe paridade de xénero, con 56,5% de mulleres contra 43,5% de homes.

Figura 1. Sexo das persoas tituladas

■ Muller ■ Home




Creado con Datawrapper

1.2 Lugar de residencia actual

A maioría de persoas tituladas (84,7%) reside en Galicia contra outras comunidades autónomas (8,3%) e o estranxeiro (7,0%). A proporción de homes residentes fóra de Galicia (19,1%) supera á de mulleres (12,4%), mormente no estranxeiro.

Figura 2. Lugar de residencia



Creado con Datawrapper


- > Lugar de residencia en Galicia por provincias [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia en Galicia por concellos [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia noutras comunidades autónomas [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia noutras comunidades autónomas por provincias [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia no resto do mundo por países [[Visualizar datos](#)]

2. Datos académicos

2.1 Ramas de coñecemento

Predominan os estudos de mestrado da rama Xurídico-Social (46,2%) seguidos, a máis distancia, pola Tecnolóxica (29,2%), ben como, en menor frecuencia, a Científica (15,3%), Artes e Humanidades (6,3%) e en Ciencias da Saúde (3,0%).


Figura 3. Ramas de coñecemento



2.1.1 Rama de coñecemento segundo o sexo

Existe sobrerrepresentación feminina en Artes e Humanidades (84,2%) e na Científica (76,1%), masculina na Tecnolóxica (65,9%) e paritaria en Ciencias da Saúde e Xurídico-Social.

Figura 4. Rama de coñecemento segundo o sexo




2.1.2 Estudos de mestrado realizados segundo o sexo [\[Visualizar datos\]](#)

2.2 Motivacións para realizar o mestrado

A maioría (61,0%) referiu complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo. O 14,3% referiu que era preciso para completar a formación académica de cara a realizar o doutoramento e dedicarse á investigación. Para o 13,9% o mestrado realizado era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego (profesorado de ESO, avogacía...). Un 4,8% alegou ter detectado necesidades formativas na súa experiencia profesional.

Figura 5. Motivacións para realizar o mestrado




Creado con Datawrapper

2.2.1 Motivacións segundo a rama de coñecemento

O complemento da formación para mellorar a empregabilidade foi maioritaria na Tecnolóxica (67,2%), Científica (60,5%) e Xurídico-Social (60,0%) contra o mínimo de 37,5% en Ciencias da Saúde. Completar a formación de cara á investigación foi referida por metade en Ciencias da Saúde, 39,5% na Científica e 36,4% en Artes e Humanidades. A necesidade ou obrigatoriedade para o seu futuro emprego ten un peso significativo na rama Xurídico-Social (26,4%), ben como a necesidade para exercer profesións reguladas na Tecnolóxica (14,1%).

Figura 6. Motivacións para realizar o mestrado segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

3. Situación laboral anterior á realización do mestrado

Este apartado aborda a experiencia laboral previa á realización dos estudos de mestrado e a situación laboral na altura de iniciar os estudos de mestrado na UVigo.

3.1 Experiencia laboral previa á realización do mestrado

O 70,6% xa traballara antes de iniciar os estudos de mestrado finalizados no curso 2021/2022, sen diferenzas significativas por sexo.

Figura 7. Experiencia laboral previa ao mestrado




Creado con Datawrapper

3.1.1 Experiencia laboral previa segundo a rama de coñecemento

A experiencia laboral era maior en Ciencias da Saúde e Tecnolóxica (75,0% ambas) e na Xurídico-Social (73,6%), seguida pola Científica (60,5%) e en Artes e Humanidades (45,5%).

Figura 8. Experiencia laboral previa ao mestrado segundo a rama de coñecemento




Creado con Datawrapper

3.1.2 Experiencia laboral previa segundo os estudos de mestrado [[Visualizar datos](#)]

3.2 Actividade laboral na altura de iniciar os estudos de mestrado

A maioría de persoas tituladas con experiencia laboral previa conciliou o traballo cos estudos de mestrado (54,0%). Un terzo de titulados/as que traballara antes do mestrado xa non tiña emprego e un 12,9% deixou o traballo que tiña para cursar o mestrado.

Figura 9. Actividade laboral na altura de iniciar o mestrado




Creado con Datawrapper

3.2.1 Actividade laboral na altura de iniciar o mestrado segundo a rama de coñecemento

Conciliou o traballo co mestrado a maioría de persoas tituladas en estudos de Ciencias da Saúde (66,7%), Xurídico-Social (60,5%) e Tecnolóxica (52,1%). O abandono do emprego para cursar o mestrado foi máis frecuente na Científica (17,4%), Tecnolóxica (14,6%) e Xurídico-Social (12,3%). Non traballaba ao iniciar o mestrado a maioría en Artes e Humanidades (80,0%), ben como parte considerábel nas ramas Científica (43,5%), Ciencias da Saúde e Tecnolóxica (33,3% ambas).

Figura 10. Actividade laboral na altura de iniciar o mestrado segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

3.2.2 Actividade laboral na altura de iniciar o mestrado segundo os estudos realizados

[\[Visualizar datos\]](#)

4. Situación actual

Situación das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso 2021/2022 na altura de responder a enquisa: mercado de traballo, estudan e/ou preparan oposicións.

4.1 Situación do mercado de traballo

O 77,4% das persoas tituladas durante o curso 2021/2022 traballaba² na altura de responder a enquisa, o 9,6% procuraba emprego³ e o restante 13,0% estaba na inactividade⁴. Por sexo é maior a taxa de ocupación masculina (79,4% contra 75,9%) e de inactividade feminina (15,3% contra 9,9%).

Figura 11. Situación do mercado de traballo actual




Creado con Datawrapper

4.1.1 Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia

A taxa de ocupación é maior no estranxeiro (95,2%) e noutras comunidades autónomas (92,0%) que en Galicia (74,5%).

Figura 12. Situación do mercado de traballo actual segundo o lugar de residencia




Creado con Datawrapper

4.1.2 Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento

A taxa de ocupación é significativamente maior na rama Tecnolóxica (92,0%), ben como en Ciencias da Saúde (77,8%) e Xurídico-Social (74,1%) que en Artes e Humanidades (52,6%) e Científica (69,6%), máis afectadas polo desemprego (21,1% e 13,0%, respectivamente).

Figura 13. Situación do mercado de traballo actual segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

² Taxa de ocupación: Suma da porcentaxe de persoas tituladas que traballan por conta allea na empresa privada e no sector público, empresarios/as (titulares dunha empresa), traballadores/as autónomos/as, estudan e traballan, preparan oposicións e traballan e de baixa/excedencia laboral.

³ Desemprego: Porcentaxe de persoas tituladas desempregadas procurando emprego.

⁴ Taxa de inactividade: Suma da porcentaxe de persoas tituladas que estudan e/ou preparan oposicións a tempo completo, están ao coidado familiar ou están xubiladas, pensionistas ou con invalidez.

4.1.3 Situación do mercado de traballo segundo os estudos de mestrado [[Visualizar datos](#)]

> Situación do mercado de traballo segundo os estudos de mestrado por campus [[Visualizar datos](#)]

4.2 Cursa estudos universitarios

O 11,3% das persoas tituladas estudaba no momento de responder a enquisa, sen diferenzas significativas entre homes e mulleres.

Figura 14. Continúa estudos universitarios



Creado con Datawrapper

4.2.1 Tipo de estudos universitarios que cursa

Predominan os estudos de doutoramento (92,6%) sobre a realización doutro mestrado (7,4%), cursando estudos de terceiro ciclo todos os homes inquiridos.

Figura 15. Tipo de estudos universitarios que cursa



Creado con Datawrapper

4.3 Prepara oposicións

O 9,3% de persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2021/2022 estaba a preparar oposicións na altura de responder a enquisa, significativamente máis mulleres (11,2%) que homes (6,9%).

Figura 16. Prepara oposicións



Creado con Datawrapper

5. Procura de emprego

Este apartado aborda dous aspectos sobre a procura de emprego: o tempo de procura de traballo das persoas desempregadas na altura de responder a enquisa e o tempo en atopar emprego desde a finalización do mestrado.

5.1 Tempo de procura de emprego

O tempo medio de procura de emprego é de 7,78 meses, sendo menor en homes (7,17 contra 8,27 meses).

Figura 17. Tempo de procura de emprego (meses)




Creado con Datawrapper

5.1.1 Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento

A duración media do desemprego oscila entre os máximos de 13,67 meses en Artes e Humanidades e 9,58 na Xurídico-Social e os mínimos de 2,40 meses na Tecnolóxica e 6,00 meses en Ciencias da Saúde e Científica.

Figura 18. Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento (meses)



Creado con Datawrapper

5.1.2 Tempo de procura de emprego segundo os estudos de mestrado [[Visualizar datos](#)]

5.2 Tempo en atopar emprego

O tempo medio (en meses) transcorrido desde a finalización dos estudos de mestrado no curso 2021/2022 até encontrar emprego⁵ foi de 3,87 meses, sendo maior en mulleres que en homes.

Figura 19. Tempo en atopar emprego (meses)




Creado con Datawrapper

5.2.1 Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento

Os titulados/as que menos demoraron en atopar emprego realizaron estudos na rama Tecnolóxica (2,13 meses), seguida pola Científica (3,92 meses), Ciencias da Saúde (4,50 meses) e Xurídico-Social (4,52 meses) contra o máximo de 7,21 meses en Artes e Humanidades.

Figura 20. Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento (meses)



Creado con Datawrapper

5.2.2 Tempo en atopar emprego segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)

⁵ Considerando cero meses o tempo en arranxar emprego dos titulados que xa traballaban ao completar o mestrado (50,0% da mostra avaliada, 50,9% de homes contra 49,3% de mulleres).


6. Emprego actual

Este apartado avalía as características do traballo actual das persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2020/2020 e, especificamente, no tocante a variábeis como o lugar do traballo, modalidade de contratación, tipo de contrato, categoría profesional e ingresos.

6.1 Lugar do traballo

A maioría (77,6%) traballa en Galicia, distribuíndose o resto noutra comunidade autónoma (12,1%) e estranxeiro (10,3%). A emigración feminina (16,4%) é significativamente inferior á masculina (29,8%), mormente debida á menor mobilidade noutra comunidade autónoma.

Figura 21. Lugar do traballo




Creado con Datawrapper

- > Lugar do traballo en Galicia por provincias [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo en Galicia por concellos [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo noutras comunidades autónomas [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo noutras comunidades autónomas por provincias [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo no resto do mundo por países [\[Visualizar datos\]](#)

6.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento

A maioría de titulados/as de todas as ramas académicas traballa en Galicia, oscilando entre o máximo en Ciencias da Saúde (100,0%), Artes e Humanidades (90,0%) contra os mínimos na Científica (68,8%), seguida pola Tecnolóxica (75,3%) e Xurídico-Social (79,4%).

Figura 22. Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento




Creado con Datawrapper

6.1.2 Lugar do traballo segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)

6.2 Modalidade de contratación

A maioría de titulados/as (94,1%) traballa por conta allea⁶ contra o 5,9% restante por conta propia⁷, sen diferenzas significativas entre homes e mulleres neste réxime de traballo.

Figura 23. Modalidade de contratación




Creado con Datawrapper

6.2.1 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo

O traballo por conta propia é máis frecuente en Galicia (7,0%) e no estranxeiro (5,0%).

Figura 24. Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo




Creado con Datawrapper

6.2.2 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento

O emprego por conta propia é máis frecuente en Artes e Humanidades (20,0%) e Ciencias da Saúde (16,7%) que na Tecnolóxica (2,5%) e Xurídico-Social (8,1%), non rexistrándose na Científica.

Figura 25. Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

6.2.3 Modalidade de contratación segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)


⁶ Taxa de asalarización: Antigos estudantes que traballan como asalariados para outra persoa, empresa ou institución.

⁷ Taxa de emprendemento: Antigos estudantes que traballan no réxime especial de traballadores autónomos ou como empresarios/as (titulares dunha empresa).

6.3 Tipo de contrato

Entre as persoas tituladas que traballan por conta allea predominan os contratos de duración indefinida (69,9%), sen diferenzas significativas por sexo.

Figura 26. Tipo de contrato




Creado con Datawrapper

6.3.1 Tipo de contrato segundo o lugar do traballo

A estabilidade laboral é máis frecuente noutras comunidades autónomas (77,8%) que no estranxeiro (68,4%) e en Galicia (68,5%).

Figura 27. Tipo de contrato segundo o lugar do traballo




Creado con Datawrapper

6.3.2 Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento

A estabilidade laboral é total en Ciencias da Saúde, maioritaria nas ramas Tecnolóxica (81,7%), Xurídico-Social (65,5%) e Científica (52,2%), afectando a eventualidade laboral á maioría (57,1%) en Artes e Humanidades.

Figura 28. Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento




Creado con Datawrapper

6.3.3 Tipo de contrato segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)

6.4 Categoría profesional

O 91,4% das persoas tituladas que traballan na altura de responder a enquisa desenvolvían funcións de nivel universitario no seu posto de traballo⁸ (98,1% mulleres contra 85,9% homes). O 15,5% ten responsabilidade sobre outras persoas⁹, máis homes (20,2%) que mulleres (11,7%).

Figura 29. Categoría profesional




Creado con Datawrapper

6.4.1 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento

As funcións de nivel universitario na altura de responder a enquisa abranxen 97,5% de persoas tituladas na rama Tecnolóxica e 93,8% da Científica, seguidas pola Xurídico-Social (87,3%), Ciencias da Saúde (85,7%) contra a mínima en Artes e Humanidades (80,0%).

A responsabilidade no posto de traballo sobre outras persoas é máis frecuente nas ramas Xurídico-Social (18,6%), Tecnolóxica (14,8%), Ciencias da Saúde (14,3%) e Científica (12,5%) contra a nula en Artes e Humanidades.

Figura 30. Categoría profesional segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

6.4.2 Categoría profesional segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)

> Categoría profesional segundo os estudos de mestrado por sexo [\[Visualizar datos\]](#)

⁸ Categoría profesional de directivo/as, mandos intermedios e técnicos/as cualificados/as.

⁹ Categoría profesional de directivos/as e mandos intermedios.

6.5 Ingresos

Dúas terceiras partes (65,8%) de persoas tituladas teñen uns ingresos netos mensais entre 1001 e 2000€, 18,7% superiores a 2000€ e 15,5% menos de 1000€. O ingreso mediano¹⁰ das persoas graduadas que traballan é de 1443,45€, cunha fenda salarial feminina de 16,94% (275,45€).

Figura 31. Ingresos netos mensais (€)



Creado con Datawrapper

6.5.1 Ingresos segundo a rama de coñecemento

Reciben entre 1000 e 2000€ mensais todas as persoas tituladas en Artes e Humanidades, ben como a maioría da Científica (75,9%), Tecnolóxica (63,9%), Xurídico-Social (61,8%) e Ciencias da Saúde (57,1%). Superan 2000€ mensais parte notábel de graduados/as na Tecnolóxica (31,1%) e en Ciencias da Saúde (28,6%), ben como na Xurídico-Social (13,5%) e Científica (10,3%).

O ingreso mediano¹¹ oscila entre o máximo nas ramas Tecnolóxica (1787,46€) e en Ciencias da Saúde (1416,83€) e o mínimo na Científica (1292,08€).

Figura 32. Ingresos netos mensais segundo a rama de coñecemento (€)



Creado con Datawrapper

6.5.2 Ingresos segundo os estudos de mestrado [[Visualizar datos](#)]

¹⁰ Ingreso medio: 1553,08€ (1731,98€ de homes e 1423,69€ de mulleres).

¹¹ Ingreso medio: Artes e Humanidades (1393,36€), Ciencias da Saúde (1536,21€), Científica (1371,19€), Tecnolóxica (1881,65€) e Xurídico-Social (1401,03€).


7. Valoración do traballo

Neste apartado as persoas tituladas inquiridas que traballan realizaron unha valoración do seu actual emprego en función da relación entre o posto de traballo e os estudos realizados (adección temática ao traballo) e a relación existente entre as exixencias das funcións profesionais desenvolvidas e o nivel académico adquirido na UVigo (adección das funcións ao traballo).

7.1 Adección temática ao traballo

Para unha maioría de 69,6% o actual posto de traballo está relacionado cos contidos específicos dos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2021/2022. Polo contrario, para o 14,3% non existe calquera relación entre o emprego actual e os estudos realizados, afectando máis a mulleres (16,4%) que a homes (11,8%).

Figura 33. Adección temática ao traballo




Creado con Datawrapper

7.1.1 Adección temática ao traballo segundo a rama de coñecemento

A adección temática do emprego actual é maior nas persoas tituladas en estudos das ramas Tecnolóxica (86,3%), seguida por Artes e Humanidades (70,0%) e Científica (68,8%), contra Ciencias da Saúde (57,1%) e Xurídico-Social (57,4%).

Figura 34. Adección temática ao traballo segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper


7.1.2 Adección temática ao traballo segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)

> Adección temática ao traballo segundo os estudos de mestrado por sexo [\[Visualizar datos\]](#)

7.2 Adecuación das funcións ao traballo

A sobrecualificación¹² das persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2021/2022 é do 26,1%, afectando significativamente máis a mulleres (30,5%) que homes (20,6%).

Figura 35. Adecuación das funcións ao traballo




Creado con Datawrapper

7.2.1 Adecuación das funcións ao traballo segundo a rama de coñecemento

